

FOOD 4 FUTURE EXPOFOODTECH



Pavillón Galicia FoodTech no Food 4 Future Expo



16 ao 18 de maio 2023



Bilbao BEC

Food 4 Future – ExpoFoodTech

A Feira expositiva **Food 4 Future** vén de converterse nunha plataforma de innovación para o sector da alimentación e bebidas; un lugar de encontro onde atopar casos, tendencias, novas tecnoloxías e solucións para a sustentabilidade, a saúde e a dixitalización en toda a cadea de valor alimentaria.


En concreto, salientan as aplicacións de automatización, de tecnoloxía de datos ou de técnicas de procesamento, xunto co feito de que esta plataforma permite ás empresas de tecnoloxía e FoodTech presentar as súas solucións para atraer novos clientes. Deste xeito, Food 4 Future é unha xanela para que as entidades mostren os seus produtos e coñezan aos seus compradores.

Nesta líña, Food 4 Future crea o **ExpoFoodTech Startup Forum**, que busca a novas empresas que poderían impactar no sector FoodTech para axudalas a atopar investidores, capital risco, empresas líderes e outras colaboracións.

Food4Future – Expo FoodTech

Pavillón Galicia FoodTech en Food 4 Future

Ante a oportunidade que supón este encontro, Clusaga está a promover a participación agrupada no evento a través de dúas modalidades: por unha banda, para proxectos de emprendemento da Business Factory Food (BFFood) e, por outra, para empresas innovadoras e do ámbito tecnolóxico que sexan socias do Clúster.



Participación na exposición

- Pavillón de 80 metros cadrados na zona de FoodTech (inclúe mobiliario e *branding*), con capacidade de ata 12 stands
- Stand personalizado de 6 metros cadrados con 1 Tótem coa imaxe da entidade e 1 mostrador modular branco de 100x50x100 cm
- 1 presentación de produto ou solución para cada unha das entidades expositoras no Arena Industry Solutions
- Invitación ás startups a realizar un *pitch* no FoodTech Startup Forum
- Candidatura aos Foodtech Innovation Awards 2023 por participar na exposición
- 1 paquete de invitacións (25 Business / 2 Premium) para cada unha das empresas participantes

MÁIS INFORMACIÓN

O custo de participación para as *startups* da BFFood é de 1.000€ + IVE. No caso de participar na modalidade de empresa tecnolóxica socia, o custo é de 2.000€ + IVE. A execución da acción está suxeita a alcanzar un mínimo número de nove participantes e os custos poderían variar en función do número de empresas confirmadas. O prazo de inscrición remata o 10 de marzo.

Para máis información pódese contactar con Clusaga no correo info@clusaga.org ou no teléfono 981 556 062.

Manifestación de interese